El teatro Jofre acogió ayer el sonido de los mejores intérpretes locales y de la diáspora

# Ferrol se volcó con el certamen de gaita «máis prestixioso do mundo»

*El Constantino Bellón crece en calidad y prima las composiciones de autor*

**Luís A. Núñez**
FERROL

■ La noche prometía. Daban las 20.30 de ayer y el Jofre empezaba a ponerse hasta la bandera. Y aunque no llenó al completo a pesar de que el teatro mantuvo sus puertas abiertas durante toda la velada, el público asistente fue más que suficiente para transmitir su calor a los once participantes del concurso de solistas de gaita gallega Constantino Bellón.

Algunos repetían en la cita ferrolana, que se reencontraba este año con el auditorio que la había visto nacer; otros venían por primera vez a Ferrol y al concurso. Pero ni el más experimentado pudo evitar los nervios antes de subirse al escenario de la prueba con más solera de este tipo en Galicia (dieciséis años ya). Y si no que se lo digan a uno de los accésits, el lucense Bruno Villamor Gay, que tuvo que soportar cómo el roncón de su gaita lo dejaba en la estacada al terminar la primera pieza. Sin embargo, el ánimo del público le ayudó a sobreponerse y deleitó al auditorio con una de las mejores interpretaciones de la noche.

«Benvidos ao concurso de gaita máis prestixioso do mundo», dijo la presentadora al comenzar el acto. Y no era para menos. Por el Jofre desfilaron ayer solistas de Cataluña, País Vasco y Latinoamérica, además de tres de las provincias gallegas.

Finalmente, la calidad del joven de Barallobre Daniel Bellón (que gana por tercera vez el concurso), deslumbró a los asistentes, que no dudaron, en algunos casos, en seguir los compases de su instrumento con las manos o con los pies.



FOTOS: MARÍA VILLAR

Daniel Bellón, tres veces ganador del concurso ferrolano, destacó ayer por la innovación

EL GANADOR

## «Quería intentar algo diferente para amosar o que se pode chegar a facer»

■ Partía como el gran favorito. Y es que los corazones de los ferrolanos ya le han hecho un hueco a este joven fenés. Tras ganar dos ediciones anteriores del Constantino Bellón, Daniel salió a mostrar su creatividad.

Para esto se hizo con una gaita cedida por Álvaro Seivane. Tenía la particularidad de presentar un puntero más largo de lo normal y ofrecer una tonalidad más baja con un sonido tenue. De los dedos de Bellón brotó la música: «Quería intentar algo diferente para amosar o que se pode chegar a facer», dijo tras recoger el premio.

«Din que son un veterano, pero aínda non son tan vello», bromeó después. Y es que, con sólo 22 años, todavía le queda mucho por recorrer.

ÁLVARO SEIVANE | PREMIO GAITA DE OURO 2006

## «Colleume por sorpresa», afirma el padre de Susana Seivane

L.A.N. | FERROL

■ Lo de las gaitas le viene a los Seivane de familia. Tanto que en el libro de honor del Constantino Bellón ya han firmado dos generaciones. Álvaro Seivane fue el encargado de recoger ayer la mención de Gaita de Ouro otorgada por el Ateneo Ferrolán por el compromiso de los galardonados con el mundo de este instrumento gallego.

«Colleume de sorpresa», manifestaba ayer el hijo de Xosé Seivane, ya galardonado en Ferrol hace menos de diez años. «O primeiro que dixen era que aínda era moi novo», agregó.

Lo cierto es que, a sus 54 primaveras, Álvaro nació con una gaita debajo del brazo. Tal es así que en los ocho años que vivió en Barcelona —«ía a estudar dous anos e coñecín a unha moza...»— montó su propio taller en la Ciudad Condal.

Al volver a Galicia, abrió un nuevo taller de gaitas en Cecebre, en donde se encuentra en la actualidad, y no paró hasta reunir a toda la familia en lo que ahora se conoce como el Obradoiro Seivane. «Busquei unha zona na que tivese un conservatorio preto para a miña filla».

Su hija lo arropó ayer a la hora de recoger el premio: «Estou moi orgullosa tanto do meu pai como do meu avó porque é un recoñecemento a tantos anos adicados a esto», destacó la tercera generación de gaiteiros *made in* Seivane.

Mientras, su padre destaca que «é un pulo para seguir traballando». ¿Para cuándo el Constantino Bellón para Susana?: «Para cando o mereza».

LA FRASE

*«Síntome moi orgullosa tanto do meu pai como do meu avó»*
**SUSANA SEIVANE**
Gaiteira e hija de Álvaro Seivane



Álvaro Seivane destacó ayer la labor del Ateneo Ferrolán

El fenés de Barallobre Daniel Bellón García resultó ayer el ganador de la decimosexta edición del concurso Constantino Bellón. El certamen celebró la vitalidad de la gaita gallega y la calidad de los finalistas y lo hizo de nuevo en un teatro Jofre repleto y en la noche del 31 de agosto, en la que Ferrol se despide cada año de las fiestas de verano.

# Daniel Bellón gana por tercera vez el certamen de gaita del Ateneo Ferrolán

## Los dos accésits fueron a parar a Bruno Villamor Gay y Pablo Devigo Vázquez




Todos los finalistas rodeando a Dani Bellón en el escenario del Jofre

LUIS POLO

REDACCIÓN > FERROL

■ La noche de ayer en Ferrol tenía dos citas obligadas. En el Jofre se desarrolló la final del concurso de gaita gallega Constantino Bellón, un evento que después de años regresaba al teatro y que tuvo el poder de atracción necesario para dejar vacías escasas butacas. Poco después de que se diese a conocer el nombre del ganador daba comienzo la sesión de fuegos artificiales que cada año, por San Ramón, pone punto final a las fiestas veraniegas.

Daniel Bellón García fue, por tercera vez, el ganador del certamen que convoca el Ateneo Ferrolán. El vencedor obtuvo 1.800 euros, mientras que los dos accesits, dotados con 600 euros cada uno, fueron a parar a Bruno Villamor Gay, de Lugo, y Pablo Devigo Vázquez, de Castro Caldelas (Ourense). La final comenzó en el Jofre a las 20.30 horas y fue presentada por la periodista Beatriz Picos. En ella, cada uno de los once finalistas –siete seleccionados entre los que concurrieron al Constantino Bellón y cuatro que acudían como premio a su participación en el Gaiteiro de Soutelo para instrumentistas de la Galicia exterior– interpretaron una pieza inédita, creada expresamente para el certamen, y una tradicional o de autor. Cada actuación no superó los cinco minutos, de manera que hacia las diez de la noche el jurado comenzó sus deliberaciones.

**BASES**

El concurso se creó para mantener la tradición de los giros y técnicas propios de la gaita gallega

El Ateneo entregó a todos los participantes una reproducción en cerámica de Sargadelos del dibujo de Luis Seoane que desde hace 16 años ha servido para promocionar el certamen, así como un diploma acreditativo. Para terminar, los once gaiteiros interpretaron conjuntamente la pieza "Muiñeira dos nachiños", compuesta por Xesús Vaamonde Manteiga para esta edición del concurso.

El público salió casi sin tiempo del Jofre para acercarse al puerto y al paseo de A Malata y disfrutar desde allí de la sesión de fuegos artificiales. La pirotécnica Millarengo se encargó de un espectáculo que cada año cuenta con la presencia incondicional de miles de ferrolanos.

■ **ADEMÁS**

### Premio de composición

■ La gala de ayer en el Jofre sirvió además para entregar al vigués Ernesto Campos Camesella el premio de composición para gaita gallega solista, que también se convoca en el marco del Constantino Bellón. Álvaro Seivane Maside y Marcos García, en nombre de su padre, Manuel García "Lolete", recogieron las menciones especiales, que este año también fueron a parar a Milladoiro –un representante del grupo la recogió durante el festival del miércoles–.



Eliseo Zaera, presidente del Ateneo, felicita al ganador



Un momento de la recepción, por la mañana

L.P.



J. MEIS

### Fuegos artificiales para culminar el día

■ Los finalistas del Constantino Bellón vivieron ayer una jornada de emociones, en la que tuvieron ocasión de escuchar, durante la recepción que les ofreció el Concello, la gaita y las voces del Coro Toxos e Froles. Los instrumentistas, que horas antes compartían un pincho por la festividad local de San Ramón, cerraron el certamen que se celebró en el Jofre tocando al unísono una obra creada ex profeso por Xesús Vaamonde. La jornada remató con una espectacular sesión de fuegos artificiales, aunque con demasiado humo.

MÚSICA

# Bellón e Maceiras exploran a gaita e o acordeón en "Unión das terras"

## Presentan o seu primeiro disco conxunto esta tarde, na Casa da Cultura de Fene

Os feneses Daniel Bellón e Diego Maceiras tocan esta tarde na Casa da Cultura os temas do seu primeiro traballo discográfico como dúo. Estarán acompañados polo guitarrista Álex Blanco, un dos colaboradores dun cedé que se gravou como consecuencia de gañar un concurso en Santiago.



Diego Maceiras e Daniel Bellón, co disco, na Casa da Cultura de Fene

JORGE MEIS

M.J.R. > FERROL

■ Daniel Bellón (gaita) e Diego Maceiras (acordeón) xuntáronse case por casualidade para tocar na festa do Pote de Maniños do ano pasado. Foi a semente de novas actuacións e dun camiño que pasa polo certame Radio Obradoiro e polo festival de Ortigueira. No concurso da emisora compostelá quedaron primeiros, e como premio puideron gravar o cedé que está agora á venda. Na vila ortegana participaron no escenario Runas logo de superar un coidadoso proceso de selección. O público escolleunos como os mellores deste espazo para grupos noveis e en xullo tocarán xa cos artistas consagrados.

"Unión das terras" é xusto o que querían facer, sen presións e buscando os límites dos instrumentos. "Sempre se entende que co acordeón e coa gaita non se poden facer máis que cousas típicas. Nós queremos sacarlles todo o partido. Facemos realmente o que nos dá a gana, vivir disto é difícil e o que facemos é pasalo ben", explica Daniel Bellón. "Dous ou tres podemos facer cousas curiosas. Non hai que ter un grupo de oito para encher o escenario".

No disco, facendo honor ó nome, recóllense temas de autor (só hai un tradicional) de varios países. Arxentina, Rusia, Francia, Oriente Medio ou Portugal transitan polos trece temas do traballo. "Adaptámolos ó noso xeito, sempre tendo en conta as raíces galegas", aclara Bellón.

**DANIEL BELLÓN**

"Non vou máis ó Bellón. Non se pode estar facendo sempre o mesmo e agora quero centrarme nisto"

O disco xa está á venda, aínda que en grandes superficies non estará dispoñible ata xaneiro. Tiráronse 1.500 exemplares, máis outro milleiro que financia o Concello de Fene e que está a piques de esgotarse. Distribuirase a través dunha nova plataforma creada por Falcatruada e Discmedi que se estrea en Galicia con Nordestinas (onde canta Guadi Galego) e con Bellón e Maceiras.

Nel colaboran Álex Blanco (guitarra acústica), Xabier Díaz (voz) e Xosé Lois Romero (percusión). A Fene só poderá acudir o primeiro por compromisos profesionais. O teatro Principal de Santiago, Xove, Vilagarcía, Laracha, Mugardos, Xinzo de Limia, as tendas Fnac de Barcelona, Madrid e Oviedo ou Móstoles son algunhas das súas futuras actuacións, que os poden levar de novo ó mundo francófono (tocaron en Lorient e en Suíza). De feito, o disco está en galego e en francés. "É onde realmente temos mercado", explican.

Ademais, cada un segue adiante con outros compromisos musicais. Diego Maceiras toca en Airiños de Fene e no grupo de música infantil Mamá Cabra e Daniel Bellón sacará disco co cuarteto Luvas Verdes mentres estudia en Madrid nunha escola de jazz. Iso si, decidiu retirarse dos concursos. "Non vou máis, que xa está ben. Non se pode estar facendo sempre o mesmo. Prefiro centrarme nisto", di. Logo de gañar tres Constantino Bellón e catro Gaiteiro de Soutelo, máis dun gaiteiro lle agradecerá o respiro.

■ **WEB**

### Información útil cun deseño diferente

■ A Bellón e a Maceiras non lles chega con innovar no eido do folk galego senón que queren achegar as novidades tamén á rede. Onte presentaron a súa web (www.bellonmaceiras.com) en Fene. De forma sinxela pódese acceder ás últimas novidades do dúo, coñecer a súa historia, a biografía dos compoñentes e tamén saber como naceu "Unión das terras", escoitar fragmentos dalgunha canción ou ver fotografías das súas actuacións máis recentes.

ASOCIACIONISMO

# Lefre de Caldereta premia a Siro e a Gómez Noya no seu primeiro aniversario

REDACCIÓN > FERROL

■ A asociación cultural Lefre de Caldereta celebra esta noite o seu primeiro aniversario cunha cea no restaurante Escudo de Serantes na que entregarán os seus premios. A entidade decidiu outorgar o Lefre de Caldereta de Honra ó debuxante Siro López, que recentemente abandonou a súa actividade xornalística diaria para dedicarse á pintura. O Lefre de Caldereta do ano 2006 vai parar ó triatleta ferrolán Javier Gómez Noya, campión mundial nesta especialidade.

O acto estará presentado pola xornalista e historiadora Ana Martín. O director de Diario de Ferrol, Germán Castro, será o encargado de presentar a Siro López. Na primeira parte da súa intervención empregará a "fala ferrolana", facendo honra ó nome da asociación (así era como se lles chamaba ós traballadores de Bazán que comían ás portas do estaleiro). No seu discurso fará tamén unha semblanza biográfica deste artista.

O deportista Javier Gómez Noya será presentado por Patricia Hermida, xornalista da delegación de Ferrol de El Correo Gallego.

O premio para ámbolos dous galardonados consiste nunha caldereta deseñada para a ocasión polos artesáns do obradoiro de cristal reciclado CG.

**Historia** > A asociación Lefre de Caldereta xurdiu a comezos deste ano para dar saída ás inquedanzas culturais dun heteroxéneo grupo de xente. Ata o de agora desenvolveron actividades como un cine-fórum no que se puideron visionar varias obras mestras da historia do celuloide e debater sobre elas. Ademais, tamén puxeron en funcionamento uns encontros con artistas que serven para reflexionar sobre a situación de disciplinas como o teatro ou a música en Ferrol e comarca. O seu presidente é Fernando Naveiras.

Feitizo de sons

# DANI BELLÓN E DIEGO MACEIRAS

Texto: E. Españadero
Fotos: E.E.

A recente publicación do primeiro disco do dúo Bellón-Maceiras, Unión Das Terras é o froito de resultar gañadores do VII Certame Folk organizado por Radio Obradoiro, pero ao longo do 2006 foron moitos máis os éxitos acadados.

Paralelamente, seguen a profundizar nos seus respectivos estudos para mellorar, aínda máis, unha sólida formación musical que os dous comezaron no seo da Banda de Gaitas Tradicional Airiños de Fene.

**O moito e bo que vos pasou no ano 2006 ¿seriades capaces de resumilo?**

Dani:A verdade é que facer un resumo é complicado porque foi un ano moi completo, pero podémolo intentar. Ao pouco de poñernos seriamente a tocar xuntos, presentámonos ao concurso de Radio Obradoiro e fomos os gañadores, polo que tivemos a oportunidade de gravar este primeiro disco; despois presentámonos ao Certame Runas do Festival de Ortigueira e tamén fomos os gañadores, polo que na edición deste ano participaremos de novo pero xa no escenario principal; por último, ademais das moitas actuacións que fixemos ao longo do ano, tivemos tamén a sorte de participar no Festival de Lorient, na Bretaña. Moito máis non se podería pedir.

**Que as cousas saíran así de ben ¿era algo co que xa contabades?**

Diego: Pois non, temos que recoñecer que foi unha sorpresa continuada. Competir nos concursos con formacións de sete ou oito compoñentes, sendo soamente dous, facía que nos sentíramos algo pequenos; por iso foi unha grata sorpresa gañalos.

Dani: No tema por exemplo de Ortigueira creo que, tanto para nós como para moita xente, era impensable que unha formación de dúo ou trío como a nosa conseguira a oportunidade de tocar nun escenario tan emblemático como ese, xa que o noso formato "minimalista" está bastante discriminado.





**EN DIRECTO** O dúo Dani Bellón e Diego Maceiras nunha imaxe promocional (arriba) e no Festival Intercéltico de Lorient

Unha gaita e un acordeón podían semellar insuficientes para conseguir chamar a atención de público e crítica, pero Dani Bellón e Diego Maceiras encargáronse de demostrar o contrario cunha proposta innovadora e de gran calidade

# Cando a música une as terras

**Ademais de compartir esta formación de duo, cada un de vós e de xeito paralelo ¿en que outras andainas musicais estades implicados?**

Diego:Eu sigo estudando acordeón no Conservatorio de Oviedo e este ano rematarei o grao medio, así que inmediatamente comezarei a cursar o superior. Ademais sigo formando parte, cando as ocupacións mo permiten, da Banda de Gaitas Tradicional Airiños de Fene e colaboro co grupo de música infantil Mamá Cabra.

Dani:Eu pola miña banda tamén sigo estudando e na actualidade estou matriculado na escola de Jazz de Madrid. Ademais, xunto cos meus compañeiros do grupo, estamos a traballar no segundo disco de Luvas Verdes e sigo dando clases de gaita.

**Con referencia ao título que escollestes para a vosa estrea discográfica, na música de Bellón e Maceiras ¿que terras se unen?**

Dani:Son moitas; desde as do Oriente Medio ás de Rusia, Francia, Portugal, Arxentina e, por suposto, Galiza. Aínda que moitos dos temas que incluímos sexan de fóra, o sabor do disco, tanto polos instrumentos que empregamos como polo noso propio estilo, é claramente galego.

**Pero ese estilo propio ¿trata de evitar repetir o que xa fixeron outros?**

Dani: Desde o comezo, a nosa premisa foi que para facer o mesmo que fan os demais era mellor non facer nada. Queriamos ofrecer algo novo e que o noso disco reflectira o que facemos habitualmente. O que temos moi claro é que, para conseguir un espazo no mercado musical e que a nosa música se escoite, temos que achegar algo distinto. Pretendemos camiñar musicalmente por onde ninguén o fixera anteriormente.

**No proceso de gravación do disco ¿que tal vos foi?**

Dani:Moi ben. O disco gravámolo nos Estudios Phonos da Estrada e temos que agradecerlle ao técnico que nos concedera máis tempo do que nos correspondía como gañadores do concurso de Radio Obradoiro.

**A primeira presentación do disco, como non podía ser menos, tivo lugar en Fene. Xogando na casa supoño que a resposta sería boa ¿non?**

Diego: Certamente si. A Casa da Cultura de Fene quedou moi pequena para a gran cantidade de público que asistiu, moitos deles tiveron que asistir de pé ao concerto e outros nin sequera conseguiron entrar.

**Tamén fixestes unha presentación en Móstoles. ¿A resposta foi a mesma?**

Dani: Alí xa tiveramos a oportunidade de tocar anteriormente e quixemos ofrecerlles unha presentación no propio Centro Galego de Móstoles. Fixemos primeiro unha pequena rolda de prensa e despois tocamos cinco temas do disco. A acollida do público foi tan boa, que nos fixeron sentir como na casa.

**¿Ides ofrecer máis presentacións en Galiza?**

Diego: Por suposto. Temos xa pechadas algunhas datas: o 16 de marzo estaremos en Mugardos, o 23 na Laracha e o 24 en Vilagarcía. Son unhas actuacións incluídas dentro do Circuíto 4x4 que organiza a Consellería de Cultura, nas que aproveitaremos para presentar o disco.

**Os textos incluídos no libreto do disco contan cunha tradución ao francés ¿a que é debido?**

Diego; A que contamos con moi boas posibilidades dentro do mercado musical de Francia. Fóra de Galiza é o país no que temos mellores perspectivas, xa que alí aprecian a nosa música doutro xeito e está moi valorada. Alí sentímonos moi queridos e decidimos ofrecerlles toda a información do disco no seu propio idioma.

**Contades xa cunha páxina web do dúo. ¿Que ofrecedes nela?**

Dani: Trátase dunha páxina un tanto diferente na que incluímos un pequeno foro para os que se animen a escribir. Ademais ofrecemos partituras, un vídeo, pequenas mostras da nosa música en formato MP3 e, a través dela, pódese mercar o noso disco. E unha páxina "xuvenil", como somos nós, que pretende satisfacer as curiosidades dos que a visiten.

**Despois de todo o conseguido ao longo do ano pasado, os vosos obxectivos para o 2007, ¿cales son?**

Dani: Igual que fixemos no 2006 non queremos marcarnos ningunha meta. O que pretendemos, basicamente, é ofrecer moitos concertos e dar a coñecer o noso disco. Por suposto que unha das datas claves deste ano será a do Festival de Ortigueira e esperamos poder tocar de novo en Lorient.

Máis información en: www.bellonmaceiras.com

# DANIEL BELLÓN

## "A mágoa é que na música galega sempre se aposte polos mesmos"



Solista, en dúo, en cuarteto e en quinteto, a actividade musical do gaiteiro fenés Daniel Bellón parece non ter acougo, e iso malia ter 20 anos, unha idade que non é obstáculo ningún para que conseguira consolidarse no difícil, demasiado quizais, mundo da música galega

Texto *Jose Gómez*
Caricatura *Juan Veiga*
Fotos *Luis Polo*

É relativamente frecuente atopar de cando en vez algún neno prodixio no mundo da música. Non hai máis que botarlle un ollo aos conservatorios, ateigados de cativos que adoitan iniciar a idades temperás o estudo da arte menos prescindible: a das melodías. Nesas, e malia que a el non lle guste o cualificativo, anda o gaiteiro Daniel Bellón, o fenés de 20 anos que xa leva ás costas varios premios e recoñecementos, entre eles tres "Constantino Bellón". Curiosa coincidencia.

—Si, pero sen relación algunha, agás que el tamén era desta zona.

**—¿E como empezou nisto?**

—Pois como calquera outro rapaz, neste caso en Airiños de Fene e como un hobby máis, aos nove ou dez anos. Empezamos coa frauta e en cuestión de seis meses comezamos coa gaita. Nela seguín ata o ano 2001. E nese tempo estiven tamén no Conservatorio de Ferrol probando algúns outros instrumentos, como o piano ou o clarinete. Aínda que sempre preferín a gaita, dábaseme mellor.

**—¿Acabou os estudos no conservatorio?**

—Non, non. Deixeino para adicarme só á gaita. Algún día xa se verá se podo acabalos.

**—Entón, en 2001 deixa a Airiños de Fene.**

—Si, foi cando se gravou o disco tan añorado, "Identidade", que a verdade facía falta. Deixeino xusto cando se gravou o cedé, cando xa andaba con outras historias.

**—E aí decide ir pola súa conta.**

—Si, antes andaba combinando, pero era difícil compatibilizalo todo.

**—Axiña chegaron os premios. ¿Cal foi o primeiro ou o que mellor recorda?**

—Curiosamente lembro antes que un premio a primeira vez que toquei no "Constantino Bellón", pois pasar á final nese concurso era xa un premio, o máximo ao que podía aspirar, pois tiña 15 anos. E o primeiro premio, no 2001, chegou nun concurso que organiza o grupo Xacarandaina de baile e que está estruturado en niveis de idade. Participei en menores de 18 e gañei.

**—No mundo da música hai moito neno prodixio, ¿considérase vostede un deles?**

—Non, non, que va, nada diso. Digamos que se miras cara atrás no tempo, por exemplo a principios de século, os gaiteiros de antes chegaban a un nivel moi alto aos 50 anos, en parte porque eran autodidactas e, por suposto, porque tiñan moitos menos medios que os que temos agora. Hai dúas décadas, os gaiteiros laureados tiñan 25 e 30 anos, pero hoxendía con 15 ou 12 xa ves xente moi boa.

**—Desde o ano pasado dá clases en Medulio. Pola súa experiencia, ¿cre segue habendo interese por este instrumento?**

—Hai interese, malia que nós sabíamos que era unha historia difícil, pois en Ferrol cidade, non así nos arredores, non é un sitio moi propicio, por iso foi unha aposta bastante arriscada. Pero a verdade é que saíu ben: o ano pasado chegamos a ser 13 e este ano, bastante mellor, xa que a día de hoxe estamos en 17 cando só levamos dúas semanas de curso, así que agardamos que nun tempo sexamos máis. E moi ben, porque os que seguen do ano pasado están agora esperando pola gaita con moita ilusión.

> "O que mellor recordo foi a primeira vez que fun finalista no Constantino Bellón. Iso foi o máximo"

**—¿Que ten a gaita que non teña outro instrumento?**

—Pois que é a nosa, o noso instrumento, o que define a nosa cultura, como o violín para os rusos, por exemplo.

**—¿Pasou xa o "boom" dos gaiteiros de hai uns anos?**

—Creo que segue aí, o que pasa é que é un ámbito cerrado no que é difícil entrar. As institucións cérranse en banda e só apostan polos catro de sempre, e iso é o que buscan. Hai que dicir que ese "boom" foi o da música folk, non música tradicional, e neses circuítos só teñen cabida os músicos folk.

**—¿E cal é a diferencia?**

—Basicamente nos instrumentos e no repertorio. Por exemplo, os gaiteiros afamados que se coñecen agora, Carlos Núñez, Budiño, Seivane, Cristina Pato, forman parte dun grupo folk, coas súas guitarras, baixo, etc., é dicir, fusión con outros instrumentos. ¿É música galega? Si, pero distinta da tradicional, que require instrumentos da terra para interpretar composicións de sempre, menos innovadoras. E despois hai outras cou-

sas que son tradicionais, pero que son novidosas. De feito, agora estou cun dúo de gaita e acordeón con Diego Maceiras, sen a penas precedentes, que se chama simple e comercialmente "Daniel Bellón & Diego Maceiras". Estou convencido de que se fora o mesmo pero con baixo, guitarra e batería teriamos bastante choio. Pero os que ten o poder de facer os circuítos de actuacións péchanse sempre nos mesmos.

**—¿Como xurdiu a idea de crear o dúo?**

—Sempre digo que as ideas improvisadas son as que mellor saen. E esta foi a raíz dunha actuación que tiña este verán no Pote de Maniños e pedinlle a Diego que me acompañara para facer algo un pouco distinto. Pero ao final gustounos e decidimos continuar ata hoxe, que acabamos de gravar unha maqueta, mirando se podemos entrar neses circuítos e buscando manager. É algo novo que temos que ver como resulta, aínda que as opcións son poucas.

**—¿Mellor compoñer ou interpretar?**

—As dúas cousas. Eu compoño, pero a interpretación gústame moito. O que si trato é de que cada vez que interpreto algo darlle un toque persoal. Iso é algo que primamos sempre no dúo, xa que é un repertorio típico, aínda que non só galego, porque hai temas franceses, bretones, xudeos, pero sempre adaptándoos ás nosas posibilidades a ao noso gusto.

**—¿Convidárono algunha vez ao Festival de Ortigueira?**

—Non, non. Aí si que pega máis un grupo folk.

**—Aínda así, traballo non lle falta.**

—No verán, non, e mesmo tiven a ocasión de ir dar uns cursos a Barcelona. E en canto a actuacións, máis que anos anteriores, en parte por sacar o disco co cuarteto Luvas Verdes. Pero é complicado, porque en música tradicional as opción son ir a un concurso ou que te chamen a un festival.

**"É moi triste ter que ir a Barcelona para poder atopar unha empresa que distribúa o teu traballo"**

**—¿Como se titula o disco?**

—Chámase "Fandango desesperado" porque, ademais de ser o título dunha peza, levabamos moito tempo tratando de sacar o traballo adiante. O cuarteto comezou a funcionar en 2001, e hai tempo que xa tiñamos o repertorio e tentamos gravalo, pero por diferentes problemas non puidemos facelo, ata que ao final nos decidimos. Gravámolo en casa dun amigo nun prazo dun mes con moitas dificultades, ás dúas da mañá ou de dous en dous, fundamentalmente porque non coincidiamos: eu son de Fene, outro de Cesuras, outro de Cambre e outro de Miño. Era complicado coincidir.

**—¿Por que as discográficas non apostan por xente nova?**

—Mira, este disco está autoproducido. Agora hai unha compañía que se chama Nova Galega de Danza, que tivo que crear o seu propio selo discográfico para publicar a música dos seus espectáculos. E nós metímonos nese selo e fixémolo con eles, pero é que despois fai falta unha distribuidora e as galegas non se interesan. Tivemos que ir a Cataluña buscala, Discmedia. Se te fixas nas tendas, os discos de música galega tradicional son todos de Discmedia, agás algún de Edicións do Cumio. A distribución en Galicia está moi mal e é moi triste ter que ir a Barcelona para que cho distribúan. E posiblemente haxa máis discos galegos en Barcelona ou Madrid que aquí.

**—Soes dicir que estás obsesionado co son da gaita, ¿por que?**

—Si, co son e a afinación son un pouco maniático. Eu sempre usei gaitas de Seivane, o pai de Susana, e estou moi contento coa súa sonoridade. O que me preocupa é buscar a palleta axeitada, o timbre idóneo e peculiar,... Hai que ter en conta que a gaita é un instrumento moi sensible, no que inflúen factores como a temperatura e a humidade para que soe ben. Non é como un violín.

**—Nese sentido é un instrumento complexo.**

—Si, pero pásalle igual que a outros instrumentos. Na gaita non tes dominio directo coa boca para afinala.

**—¿E que tal o de dar clases con 20 anos?**

—Moi ben, e teño que dicir que case me gusta máis ser profesor que tocar, porque aprendes dos alumnos, veste reflexado tamén, como cando empezaba un mesmo, e nese sentido é moi enriquecedor. E por sorte, este ano, ademais de estar en Medulio, tiven a oportunidade de dar cursos noutros sitios, como un en Lugo, que era intensivo, ou dar clases de gaita á xente que é de fóra e que a pesar de estar a mil quilómetros de aquí ves que teñen moito interese. Por iso o de ser profesor é unha experiencia moi gratificante.



**—¿Que proxectos inmediatos ten en mente?**

—Agora mesmo estou metido en tres. Co que máis ando pelexando é co dúo, porque ten máis posibilidades que outras cousas ao incorporar o acordeón, un instrumento que enche moito. O obxectivo é poder actuar moito e dar sacado o CD. Ao ser algo relativamente novidoso xurdiunos a posibilidade de presentarnos no festival de Lorient. E despois, co cuarteto, estamos coa venda dos discos...

**—¿E que tal vai?**

—Ben. Fixemos unha tirada de mil copias, das que a distribuidora levou 300. Polo menos cumprimos o obxectivo inicial, que era non perder cartos.

**—¿E o terceiro?**

—O quinteto, que é un proxecto moi diferente. Somos tres gaitas e iso dá moito xogo. Estamos pensando, ademais, facer un espectáculo musical-fotográfico; é dicir, baseándonos nas imaxes ir poñendo a música. Foi algo que xurdiu a raíz da gravación da película estudiantil "A Casa da Troia", onde tocamos cuns músicos vascos que ían facer a banda sonora en directo. Tanto no cuarteto como no quinteto son temas propios, sobre todo no segundo, pois non é moi normal ver composicións para tres gaitas. Pasa o mesmo que co dúo, é algo novo pero non para gaita, xa que Carlos Núñez vén de facer un disco no que se tocan temas clásicos e mesmo bandas sonoras, pero si para gaita e acordeón, onde non hai ese repertorio típico que se ten gravado co violín, piano, etc. Por iso decidimos, en lugar do nome orixinal que era "Clásicos –ou estándares– para gaita e acordeón", chamarlle "Unión das terras", polo dos distintos repertorios, aínda que tamén teñamos composicións propias.

**—¿Cal é a peza que máis lle gusta tocar?**

—Depende da época e do acompañamento, xa que non é o mesmo tocar un só que con máis xente. Pero é certo que hai pezas que che poñen os pelos de punta aínda que as leves tocando durante dez anos. Ultimamente o que máis me transmite son varios temas do dúo, por iso da novidade.

**—¿Onde lle gustaría chegar?**

—O único que boto en falta agora é ter actuacións, pasalo ben coa música, sabendo que é difícil vivir disto, pero que é unha boa axuda. Un nunca pode pecharse portas, pero hai que ser realistas e saber que da gaita é moi complicado vivir.

**—¿Ten algún referente en especial?**

—Hai moitos e depende de con quen toques. No cuarteto ou no dúo, como non hai precedentes, tes que fixarte moito a nivel técnico. De todas formas, aí están Carlos Núñez, Berrogüeto,... Pero agora mesmo case miro máis á música francesa.

**—Se tivera a oportunidade de emigrar para vivir de gaiteiro, ¿daría o paso?**

—Si que o faría, polo menos para probar e saber como é.

Na outra páxina, Daniel Bellón segundo o caricaturista Juan Veiga. O demais son fotografías do gaiteiro na súa casa





CÉSAR TOIMIL

# Fene se rinde ante su gaiteiro más laureado

■ El Concello de Fene se acuerda de los suyos. Ayer lo demostró con el homenaje que le rindió a su gaiteiro más laureado, Daniel Bellón en la banda de Airiños de Fene. Desde 1996 no ha hecho más que cosechar éxito tras éxito en distintos certámenes musicales. El último, en el

# Música sin edades ni culturas

*Kepa Junquera lleva a sus espaldas una mochila cargada con 25 años de experiencia y 14 discos; Bellón, Maceiras y Blanco están empezando, pero unos y otros son estrellas en el festival*

**Antía Urgorri**
ORTIGUEIRA

■ El escenario del Festival Celta de Ortigueira tiene esa magia que caracteriza el encuentro y que consigue que todos los que se suben a él, triunfen. El folk ortegano no entiende de edades ni de culturas. El público se rinde igual ante artistas que hablan inglés o gallego, consagrados o noveles, del país o de fuera.

Unas horas antes de los conciertos de ayer, el vasco Kepa Junquera y el trío gallego integrado por Daniel Bellón, Diego Maceiras y Álex Blanco se preparaban hacinados en sus camerinos, para sacar lo mejor de sí mismos ante la multitud. Unos y otros ya habían pasado por el evento musical, aunque de forma diferente.

Kepa Junquera es la tercera vez que se deja ver por Ortigueira, donde asegura: «Tocar en Galicia es para mí algo diferente. El público de aquí está muy entregado». Bellón, Maceiras y Blanco participaron en la pasada edición del proyecto Runas, donde se hicieron con el respaldo del público y ganaron el certamen.




RAFAEL ESTÉVEZ

**Kepa Junquera presentó su último disco «Hiri»**



**El trío gallego está pegando muy fuerte**

Ambos coinciden en destacar el buen momento por el que pasa el folk actualmente. «Ahora hay una apuesta por hacer cosas innovadoras, que sorprenden, y que son buenas», explica Bellón.

De experiencia puede presumir Kepa Junquera, que lleva 25 años de trayectoria profesional y catorce discos a sus espaldas: «Yo compongo mi música. Nunca me he movido por modas, intento hacer algo bueno y que guste».

Entre los proyectos de futuro del trío gallego, se encuentra hacer una propuesta arriesgada en el panorama musical actual, que tenga como base de fondo el dúo original integrado por Daniel Bellón y Diego Maceiras, ambos de Fene. «Ortigueira es un punto de inflexión. Tanto actuaremos como dúo, trío y en algunos casos como quinteto», afirman. Cada grupo, con su carné de identidad, es una pieza de ese rompecabezas musical que es Ortigueira, y que se completa cuatro días al año con el mejor de los resultados.

XXVI FESTA DO GAITEIRO DE SOUTELO

CONCURSO DE GAITEIROS SOLISTAS

# Bellón repite victoria en Soutelo

## Un empate con el segundo finalista obligó a una tercera actuación de los contrincantes

Marta Rivero / FORCAREI

